

# “Francisco Lanza” recolleu o premio ‘Institucións’ da AELG

05-05-13



Este sábado 4 de maio celebrouse, no Auditorio do Centro Ágora da cidade da Coruña, a Gala das Letras, un dos actos más importantes na vida da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Un dos premios de nova creación foi o Premio “Institucións” que se concede a quien contribuíse á divulgación da lingua e cultura galega. Este ano os socios e socias da AELG decidiron que dito premio recaera no asociacionismo cultural representado por aquellas asociacións que, nacidas nas décadas dos 60 e 70, aínda manteñen a súa vitalidade e activismo cultural, entre elas a Agrupación Cultural Francisco Lanza, de Ribadeo. Por parte da Agrupación Cultural Francisco Lanza recolleron o diploma acreditativo de dito premio a súa presidenta Dores Fernández Abel e a súa tesoureira Alicia Sarmiento.